

Solución ás actividades de **Cuestións de sintaxe para a mellora da contrución de oracións**

1. Recoñece a estrutura e reduce as unidades constituídas por oración nos seguintes casos. Emprega elementos simples que desempeñen a mesma función.

PROPOSTA DE SOLUCIÓN

O cansazo que os xogadores acumulaban despois de disputar catro partidos nunha semana fixo imposible que o Rápido obtivese os tres puntos.

O cansazo acumulado durante a semana fixo imposible a obtención dos tres puntos.

Cando xa parecía que todo pasara, un novo sismo azoutou os distritos onde residían os sectores máis desfavorecidos da poboación.

Posteriormente, un novo sismo azoutou os distritos populares.

Facendo gala dunha valentía excepcional, a montaña que se atrasara conseguiu acadar o refuxio onde se atopaban as súas compañeiras e compañeiros.

Con afouteza, a montaña atrasada conseguiu acadar o refuxio das compañeiras e compañeiros.

2. Modifica as oracións do xeito indicado.

*As autonomías **recortarán** ~~acometerán os recortes d~~ o seu orzamento tras as indicacións do Ministerio de Facenda.* Redución do CD de xeito que non conteña MODIFICADOR (sen cambiar o contido).

*Onte **presentaron** ~~realizaron no Hotel Riazor a presentación d~~ o novo libro de Matilde Amigo.* Redución do CD de xeito que conteña un único MODIFICADOR (sen cambiar o contido).

Houbo unanimidade ~~total~~ na valoración positiva da acción do goberno. Eliminación dun MODIFICADOR innecesario.

A Bolsa pechou cunha caída ~~negativa~~ dos principais valores do Ibex. Eliminación dun MODIFICADOR innecesario.

3. Redacta a solución intermedia ao estilo denso e ao telegráfico que se amosan. Constrúe catro oracións (con catro puntos, polo tanto) e engade conectores de orde e/ou adición acaídos.

PROPOSTA DE SOLUCIÓN

As persoas expertas en gandería opóñense á importación indiscriminada de animais por varios motivos. En primeiro lugar, os países vendedores non outorgan garantías sanitarias, con documentación de valor internacional. Ademais diso, a demanda destas carnes descendeu no noso contexto. E, finalmente, non se explica de forma satisfactoria como se realiza o transporte, o almacenamento e a conservación da mercadoría.

4. Decide como manter xuntos os elementos relacionados.

PROPOSTA DE SOLUCIÓN

A vida do terceiro conde de Godó, actual editor de La Vanguardia, ten un certo paralelismo coa do seu avó Ramón nesta altura da vida. Acúsase de argalladas con facturas falsas e de implicación en espionaxe telefónica, feitos dos que se declara inocente.

5. Transforma as estruturas para evitar deficiencias.

PROPOSTA DE SOLUCIÓN

A realización destas xornadas que hoxe presentamos responde ao desexo de contribuír á formación das novas xeracións de xornalistas. Así mesmo, este evento é mostra do orgullo dos escritores e escritoras que pretenden ser útiles a unha sociedade cada vez máis competitiva. Malia iso, a organización tivo que afrontar na situación actual inconvenientes de todo tipo.

Contaba con diferentes opcións de alianzas políticas, algunhas delas de impecábel selo democrático, outras non tanto, aínda que igualmente lexítimas segundo o marco constitucional. E, no exercicio da súa liberdade, decidiu escoller a peor de todas as posibilidades, a pesar dunha visíbel oposición interna.

Xulio Martín, director da oficina diplomática, visitou os afectados. O seu antecesor no cargo, Pedro González, fora destituído por suposta corrupción na tramitación de axudas públicas, segundo as dilixencias que efectuou a Fiscalía durante os últimos meses do ano anterior.

A Policía Local de Santalla detivo dous delincuentes habituais na madrugada do sábado como presuntos autores dun roubo cometido no bar As Palmeiras. Trátase de A.M.P., de 28 anos, e mais G.A.C., de 25 anos, ambos veciños da vila. Este último conta con vinte e un antecedentes por delitos contra a propiedade e a saúde pública.

6. Completa estas oracións inconclusas ou sen concordancia e indica que tipo de complemento ou función inseriches.

PROPOSTA DE SOLUCIÓN

É necesario lembrar que os procesos de comprensión e produción textual son básicos, se ben estes involucran habilidades diferentes, como realizar inferencias ou definir unha estrutura.

Faltaba o CD.

A televisión, á parte de distraernos, debería tamén educarnos.

Era preciso incluír o PREDICADO agardábel.